

Enquisa de condicións de vida das familias. Vivendas familiares: Características e medio. Ano 2010

NOTA DE PRENSA

O 21,6% das vivendas galegas son en propiedade con hipoteca

**O 86,4% dos fogares galegos manifestan estar satisfeitos ou moi
satisfeitos coa vivenda**


Características básicas das vivendas

No ano 2010, máis do 50% das vivendas galegas son pisos ou apartamentos en edificios. Dende o ano 1999 produciuse un notable incremento da porcentaxe de pisos ou apartamentos en edificios con 10 ou máis vivendas, que aumentaron do 23,98% en 1999 ao 29,04% en 2005 e 31,38% en 2010.

Pola contra, a porcentaxe de vivendas unifamiliares independentes, que nos anos 1999 e 2005 presentaba valores similares, 48,51% e 48,72% respectivamente, baixa ata o 42,22% no ano 2010.

Vivendas segundo a clase de vivenda e tipo de edificio. Galicia. Ano 2010

Porcentaxes




Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias

O 42,9% das vivendas galegas teñen no ano 2010 entre 60 e 90 m². Esta porcentaxe era similar no ano 2005. A porcentaxe deste tipo de vivendas incrementábase segundo o tamaño do municipio, e acada nos municipios de máis de 50.000 habitantes o valor do 53,44%.

Vivendas segundo a súa superficie e o tamaño do municipio. Galicia. Ano 2010

Porcentaxe




Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias

A superficie media das vivendas galegas no ano 2010 é de 105 m² e a provincia de Lugo é a que presenta unha maior media.

Superficie media das vivendas galegas por provincias. Ano 2010

m²



Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias

As vivendas con tres dormitorios son o tipo de vivenda máis frecuente e representan o 48,35% das vivendas galegas.

Vivendas segundo o número de dormitorios. Galicia. Ano 2010

Número e porcentaxes

	Número	Porcentaxe
Un	38.215	3,67%
Dous	224.611	21,57%
Tres	503.427	48,35%
Catro	205.771	19,76%
Cinco ou máis	69.162	6,65%


Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias

O 47,5% das vivendas galegas ten de 20 a 49 anos de antigüidade e só o 3,6% ten menos de 5 anos.

Polo que respecta á antigüidade media das vivendas, esta é de 40 anos para Galicia e por provincias o valor máis alto rexístrao Lugo con 55 anos de media, fronte a Pontevedra que, con 37 anos acada o valor máis baixo.

Vivendas segundo a súa antigüidade. Galicia. Ano 2010

Porcentaxes



Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias

No ano 2010 incrementábase novamente en Galicia a porcentaxe de vivendas en propiedade con hipoteca, acadando o 21,6% fronte ao 17,72% e ao 13,23% do 2005 e 1999, respectivamente.

Por outra banda, a porcentaxe de vivendas en propiedade sen hipoteca baixou do 67,59% en 2005 ao 59,36% en 2010.

Por provincias, Ourense e Lugo son as que presentan unha maior porcentaxe de vivendas en propiedade sen hipoteca, 67,6% e 65,2% respectivamente. Non obstante, estas porcentaxes

diminuíron notablemente con respecto ao ano 2005, no que as vivendas en propiedade sen hipoteca supoñían en Ourense o 80,21% do total e en Lugo o 75,68%.

Vivendas segundo o réxime de tenza. Galicia e provincias. Ano 2010

Porcentaxes

	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
En propiedade sen hipoteca	59,4	57,1	65,2	67,6	56,6
En propiedade con hipoteca	21,6	23,6	19,4	14,4	22,9
En aluguer	10,4	11,5	7,2	8,2	11,2
Cedida e outro	8,6	7,7	8,3	9,8	9,4
Total	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0

Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias

Por concellos, Santiago de Compostela é o que presenta unha maior porcentaxe de vivendas en propiedade sen hipoteca, o 58,1%. Polo que respecta ás vivendas en propiedade con hipoteca, as porcentaxes máis altas rexístranse nos concellos de Lugo, A Coruña e Pontevedra. Por último, o concello con maior representación das vivendas en aluguer é o da Coruña, no que estas representan o 20,3% do total de vivendas.

Vivendas segundo o réxime de tenza. Grandes concellos. Ano 2010

Porcentaxes

	Concellos						
	Ferrol	A Coruña	Santiago de Compostela	Lugo	Ourense	Pontevedra	Vigo
En propiedade sen hipoteca	55,3	45,5	58,1	49,8	49,7	48,5	50,0
En propiedade con hipoteca	22,8	27,3	15,9	31,1	20,9	26,7	23,6
En aluguer	15,0	20,3	15,4	10,8	16,5	15,2	16,8
Cedida e outro	6,9	7,0	10,6	8,3	12,9	9,5	9,6

Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias

En Galicia, para o 59% dos fogares, os gastos totais da vivenda supoñen unha carga pesada. Nos fogares con vivenda en propiedade e con hipoteca, esta porcentaxe acada o 61,88%, fronte ao 51,30% rexistrado no 2005.

A porcentaxe de fogares para os que os gastos totais da vivenda supoñen unha carga pesada diminúe na medida que aumentan os ingresos mensuais do fogar.

Fogares segundo a carga que supoñen os gastos totais da vivenda por intervalo de ingresos mensuais do fogar. Galicia. Ano 2010

Porcentaxes


	Ata 600,00 euros	De 600,01 a 1.000,00 euros	De 1.000,01 a 2.000,00 euros	Máis de 2.000,00 euros	Total
Unha carga pesada	78,7	68,0	62,3	49,3	59,0
Unha carga razoable ou ningunha carga	21,4	32,0	37,7	50,7	41,0
Total	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0

Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias

Por áreas xeográficas, son as de Caldas-O Salnés, Área da Costa da Morte, Carballiño-O Ribeiro e A Coruña suroriental as que presentan as porcentaxes máis elevadas de fogares para os que os gastos totais da vivenda supoñen unha carga pesada, acadándose en todas elas valores próximos ao 75%.

Fogares para os que os gastos totais da vivenda supoñen unha carga pesada. Ano 2010

Porcentaxe




Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias

Equipamentos, instalacións e servizos

A porcentaxe de vivendas con recollida selectiva de lixo incrementouse en Galicia do 66,16% en 2005 ao 78,53% en 2010.

Recollida selectiva de lixo. Galicia

Porcentaxes




Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias

O 92,94% dos fogares galegos teñen unha gardería pública a menos de 15 minutos, ou ben a pé ou por algún medio de locomoción, no ano 2010. Ademais, o 99% dos fogares galegos teñen un centro de saúde a menos de 15 minutos, ou ben a pé ou por algún medio de locomoción e a mesma porcentaxe repítese no caso da farmacia.

Vivendas segundo a dispoñibilidade de determinados servizos. Galicia

Porcentaxe




Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias

No ano 2010 o 75,25% dos fogares galegos teñen microondas e o 35,9% lavalouza fronte a 56% e o 24,33% no 2005. A porcentaxe de vivendas que dispoñen en Galicia de equipamento estándar (frigorífico, lavadora e televisor) é do 97%.

**Vivendas segundo a dispoñibilidade de determinados electrodomésticos.
Galicia**

Porcentaxe



Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias

A porcentaxe de vivendas galegas con teléfono fixo continúa a descender no 2010, no que acada o valor do 76% fronte ao 82,6% do 2005 e o 89,9% do 1999. Ademais, o 84,58% das vivendas galegas teñen teléfono móbil.

**Vivendas segundo a dispoñibilidade de determinados medios
de telefonía, ordenador e internet. Galicia**

Porcentaxes


	1999	2005	2010
Teléfono fixo	89,9	82,6	76,0
Ordenador de sobremesa	20,0	40,5	55,0
Conexión a internet	3,0	21,5	41,8

Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias

Por áreas xeográficas, son as do Carballiño-O Ribeiro, Ourense sur, Lugo sur e A Coruña suroriental nas que hai unha menor porcentaxe de vivendas con conexión a internet.

Vivendas que dispoñen de conexión a internet. Ano 2010

Porcentaxe




Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias

Descende notablemente a porcentaxe de vivendas que non teñen ningún ordenador, pasando do 59,53% no 2005 ao 45,03% no 2010 e ademais, neste último ano, unha de cada cinco das vivendas galegas ten dous ou máis ordenadores.

Vivendas segundo o número de ordenadores. Galicia

Porcentaxe



Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias

O 15,6% dos fogares galegos dispoñen en 2010 de segunda vivenda. Por provincias, esta porcentaxe acada o seu valor máis alto na de Lugo, onde acada o 19%. Pola contra, na

provincia de Pontevedra a porcentaxe de fogares que dispoñen de segunda vivenda é do 12,8%.

Nivel de satisfacción coa vivenda e o seu entorno físico e social

Un 24% dos fogares galegos manifestan ter problemas de humidades na vivenda en 2010. Por provincias, as da Coruña e Lugo presentan valores notablemente máis altos, 27,8% e 27,5% respectivamente.


A porcentaxe de fogares que manifestan ter problemas de deficiencias de illamento térmico ou acústico na vivenda sitúase no 18,28%, practicamente o mesmo valor que no ano 2005. Por provincias, ao igual que no caso anterior, as da Coruña e Lugo presentan valores máis altos, 24,03% e 20,47%, respectivamente.

En 2010 increméntase lixeiramente a porcentaxe de fogares que manifestan ter problemas de ruídos procedentes do exterior (tráfico, negocios, ...), acadando o 16,25%. Por provincias, son as da Coruña e Pontevedra as que presentan valores máis altos, 18,17% e 17,42%, respectivamente.

Ademais, no ano 2010, o 12,27% dos fogares manifestan ter problemas co acceso a internet. Por provincias, resalta a de Lugo, onde esta porcentaxe acada o 21,9%.

Fogares que manifestan ter certos problemas na vivenda. Galicia. Ano 2010

Porcentaxe




Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias

No que respecta aos fogares que manifestan ter deficiencias graves na súa vivenda (goteiras, humidades, podremia en solos ou ventás e deficiencias de illamento), estes representan no 2010 o 1,49% dos fogares galegos, practicamente o mesmo valor que no 2005.

A modo de resumo, no ano 2010, o 86,4% dos fogares galegos manifestan estar satisfeitos ou moi satisfeitos coa vivenda.

**Fogares segundo o grao de satisfacción global coa vivenda.
Galicia. Ano 2010**

Porcentaxes



Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias

Cambios de vivenda dos fogares


Como novidade, neste módulo do ano 2010 da Enquisa de condicións de vida das familias, inclúese un apartado dedicado ao estudo dos cambios de vivenda dos fogares.

Case o 30% dos fogares galegos levan residindo na actual vivenda menos de 10 anos. Por provincias, este valor é lixeiramente menor en Lugo (25,12%) e en Ourense (26,09%).

Pola contra, só o 20% dos fogares galegos levan residindo na actual vivenda 40 ou máis anos.

Fogares segundo o número de anos que leva residindo na actual vivenda. Galicia. Ano 2010

Porcentaxe



Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias

Nos últimos cinco anos 151.083 fogares galegos cambiaron de vivenda e preto do 65% destes cambios teñen como principal motivo unha mellor vivenda, a adquisición da vivenda en propiedade ou en cesión ou formación do fogar.

Fogares que cambiaron de vivenda nos últimos cinco anos segundo a razón principal do cambio. Galicia. Ano 2010

Número e porcentaxes

	Número	Porcentaxe
Mellor vivenda	34.313	22,71%
Adquiriu esta vivenda en propiedade ou cedéronlla	37.025	24,51%
Esta vivenda é máis económica	8.780	5,81%
Motivos de traballo dalgún dos membros do fogar	22.324	14,78%
Motivos familiares	15.968	10,57%
Por formación do fogar	27.201	18,00%
Outra razón	5.472	3,62%

Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias

Un 5% dos fogares galegos (52.952) esperan cambiar de vivenda a curto prazo. Ademais, a razón principal do cambio no 51% dos casos é unha mellor vivenda (máis nova, máis grande, mellor equipada, zona con mellores servizos).

Pódese consultar a metodoloxía desta estatística en:

<http://www.ige.eu/web/Controlador?operacion=mostrarmetodologias&idioma=gl&tema=1030&paxina=003002001>

Resultados detallados en:

http://www.ige.eu/web/mostrar_actividade_estadistica.jsp?idioma=gl&codigo=0304005

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística

Complexo Administrativo San Lázaro s/n

15703 Santiago de Compostela (A Coruña)

Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>

Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)

FAX: 981.54.13.23

Notas de prensa en : <http://www.ige.eu>